

INFORMO:

Que debido a situación de contención da transmisión do coronavirus (**COVID 19**) e de acordo coas instrucións da Consellería de Sanidade para evitar o contaxio e propagación da infección, este Concello fai público o seguinte:

PRIMEIRO: Suspéndense ata novo aviso as actividades, culturais e deportivas programadas.

SEGUNDO: Polo que se refire a atención ao público no concello, prégase aos veciños que **acudan persoalmente só nos casos imprescindibles**: Lémbrese que todos os que contén cun enderezo electrónico, poderán realizar os seus trámites a través da sede electrónica <https://vilardevos.sedelectronica.gal> ou por medio de correo electrónico na conta alcaldia@vilardevos.gal ou chamando ao teléfono do concello:

988 41 70 04

TERCEIRO: No caso de defuncións nos que se empreguen os velatorios deste concello recoméndase as familias **QUE NON RECIBAN DUELO**.

CUARTO: Lembre que é importante lavarse as mans con frecuencia e evitar espazos con moita afluencia de xente.

QUINTO: Poden obter **INFORMACION** sobre o **CORONAVIRUS**, chamando ao teléfono gratuito **900400116**

O Concello fai un chamamento á responsabilidade dos veciños, mantendo a calma e evitando desplazamentos innecesarios.

O que se fai público polo interese xeral

O Alcalde

Asdo: Manuel Cardoso Pérez